



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	
REX. XENXERAL	
- 8 SET 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA
25577	

Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense

Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178

FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, deputado provincial do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo se establece no prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do servizo de abastecemento de auga potable no concello de San Amaro, no punto 7 B) do citado prego "Prestacións a realizar polo concesionario da xestión do servizo", "Relación coa facturación e cobro a abonados":

"O Concesionario (neste caso concreto "Empresa Mercantil, S.A. GESECO"), realizará trimestralmente as lecturas dos medidores (contadores) de consumo e enviará ao concello unha relación en soporte informático dos consumos individuais dos abonados. O Concello confeccionará cada trimestre, e con a periodicidade que se sinale na Ordenanza". (Segundo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga potable e Regulamento regulador do servizo BOP nº 211 de 12/09/2008, artigos: 5, 35,42,43..., efectuarase trimestralmente).

Así mesmo, a xestión da recadación, tena, o Concello de San Amaro, delegada na Excm. Deputación de Ourense polo que se

SOLICITA

1º - Copia da listaxe de recibos do cobro do consumo de auga potable durante todo o ano 2015, e que lle foi enviado aos veciños nestes días pasados, deste ano 2016.

2º - Certificación na que conste a cantidade total recadada por esa entidade, relativa aos recibos emitidos do consumo de auga potable durante todo o ano 2015 e cantidade total que se lle ingresa ao Concello de San Amaro por esta taxa, descontada a parte que lle corresponde á Deputación, pola Xestión delegada.

En Ourense, 8 de setembro de 2016.

Asdo. Francisco José Fraga Civeira

-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

email: gruposocialista@depourense.es

facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)

twitter: [SocialistaDepou](https://twitter.com/SocialistaDepou)